
**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DA ESCOLA TÉCNICA
SUPERIOR DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS DA
UNIVERSIDADE DA CORUÑA, CELEBRADA O VENRES, DÍA 2 DE
FEBREIRO DE 2018**

De acordo co establecido na orde do día, a Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión extraordinaria ás 10:35 horas do venres día 2 de febreiro de 2018, coa seguinte orde do día:

1. Participación da Escola na titulación de mestrado internacional en sustentabilidade da UDC

ASISTEN OS SEÑORES:

PROFESORES VINCULACIÓN PERMANENTE

Acinas García	Juan Román
Álvarez García	Julia
Anta Álvarez	José
Baldomir García	Aitor
Barrientos Rodríguez	Víctor
Carro López	Diego
Cea Gómez	Luis
Colominas Ezponda	Ignasi
Domínguez Perez	Xabier Eduardo
Eiras López	Javier
Fé Marques	Jaime
Fontán Pérez	Arturo Norberto
Galán Díaz	Juan José
González Fonteboa	Belén
Hernández Ibáñez	Santiago
Jurado Albarracín-Martinón	José Ángel
Martínez Abella	Fernando
Martínez Lage	Isabel
Navarrina Martínez	Fermín Luis
Nieto Mouronte	Félix
Nogueira Garea	Xesús Antón
Novalés Ordax	Margarita
Orro Arcay	Alfonso
Padilla Benítez	Francisco

Paris López	José
Pena Mosquera	Luis
Peña Gonzalez	Enrique
Puertas Agudo	Jerónimo
Rdez.-Vellando Fdez.-Carvajal	Pablo
Romera Rodríguez	Luis Esteban
Samper Calvete	Francisco Javier
Taboada Vázquez	Raquel
Varela García	Francisco Alberto
Vasallo Rapela	Alejandro Manuel

RESTANTES CATEGORÍAS PDI

Couceiro Aguiar	Iván
Martínez Díaz	Margarita
Ramírez Palacios	Luis
Rodríguez Pasandín	Ana María
Rojo López	Gemma

ESTUDANTES

Ares Rios	Daniel
García-Alén Lores	Gonzalo
Pazos Taboada	Damián
Sotelo Domínguez	Luis
Vázquez Varela	Miguel Ángel

PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Calvo Fariña	Juan Bautista
Cartamil Obelleiro	Carmen
Cruz Viqueira	María Pilar
Lafuente Paulos	Marta
Recarey Buño	María José
Rivas Quelle	Cathaysa
Valcarcel Cortiñas	María Carmen
Vázquez González	Julia

EXCUSAN:

Toledano Prados	Mar
-----------------	-----

Preside a sesión o Sr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como secretario o Sr. Diego Carro.

1. Participación da Escola na titulación de mestrado internacional en sustentabilidade da UDC

O Director comeza explicando o sucedido desde a última xunta de escola. Remitiu un correo con documentación adxunta para analizar a proposta. Informa de que o venres previo houbo unha reunión coas vicerreitoras de internacional e títulos. Nesa reunión plantéanse distintas dúbidas sobre este mestrado. Unha das cuestións sobre as que se consultou, foi sobre os tempos de este mestrado. A parte máis relevante foron os compromisos que adquiriu a universidade sobre este mestrado: a impartición da titulación a partir do 1 de setembro do 2019 e asistir á convocatoria do Erasmus Mundus o 15 de febreiro de 2018. Tamén se consultou sobre a documentación que se precisa presentar, xa que na convocatoria se indica que hai que presentar probas de verificación do título. Sen embargo, hai unha circular do ministerio explicando que isto non fai falta e que é suficiente un compromiso do reitor. A vicerreitora indicou que está pendente o título e o módulo que se impartiría na UDC e que se pode concretar a súa configuración.

Na súa opinión o director explica que a titulación pode interesar á Escola pola temática pero que a proposta actual está incompleta e pouco desenvolvida. Non entende as presas se se vai a instaurar en 2019 por que hai que aprobar todo xa. Indica que lle gustaría presentarse á convocatoria de Erasmus Mundus para ter opcións de gañar. Na proposta preocupalle que os estudantes cambien de universidade en cada cuatrimestre e pensa que sería máis razoable estar un curso completo, xa que ademais implica un maior esforzo económico para as familias. Pidiu opinión a outros coordinadores de Erasmus Mundus en outras universidades, e comentáronlle que habitualmente os estudantes fan un ano nunha universidade e outro en outra dentro de todas as participantes no programa. Considera que este tema debe ser tratado na xunta de escola e que sexa este órgano quen decida a participación da Escola

Intervén o profesor Jaime Fe consultando sobre a posibilidade de pedir o Erasmus Mundus o ano próximo. Resposta o Director que a vicerreitora indicou que está previsto que haxa convocatoria para o ano 2019, pero que a UDC adquirira o compromiso de presentarse na convocatoria de este curso.

Intervén o profesor Félix Nieto, preguntando qué mellora a titulación na oferta académica da Escola. O Director indica que este tema hai que estudialo como toda a proposta.

Intervén o profesor Santiago Hernández, expón que en esta titulación habería entre 10 e 20 estudantes. Desde os estudantes da Escola, poden facer o mestrado oficial profesionalizante ou esta outra opción. Indica que el recomendaría a un estudante que faga o mestrado MECCP. Desde a perspectiva dos profesores son 30 créditos, o cal non ten moito impacto nas áreas. Indica que este título non interesa á Escola coas condicións coas que está definido.

Intervén o profesor Javier Samper, indica que a proposta non está fundamentada en cales son as vantaxas para os estudantes. O único motivo que nos atrae é por impartir máis docencia. A reitoría propuxo isto sen definir e cal é a estratexia do campus sustentable e cal é a planificación a longo prazo sobre este tema. Considera que a proposta está moi verde como para ser aprobada.

Intervén o profesor Fermín Navarrina, indicando que este tema é moi importante, e que non se deben tomar decisións apuradas. Sinala que non hai proposta pechada e a denominación do título da única proposta que existe inclúe referencias ao Máster en Enxeñaría Civil. Sinala que non entende por que estes socios, destaca que Magdeburgo é unha escola universitaria, no sistema alemán esta institución non pode formar doutores. Tampouco comprende cal é o mercado do máster e indica que na Universidade de Vigo hai un mestrado en sostenibilidade e enerxía, e esta titulación non se imparte este ano dado que parece que non hai estudantes suficientes. Continúa indicando que todas estas cuestións teñen efectos secundarios, agora temos unha proposta de novo título encima da mesa. En tempo recente o reitor dicía que había que retirar un grao da Escola, e é lóxico que poñer en marcha un novo título ten un efecto sobre o resto dos títulos da Escola. Respecto ás presas, a reitoría ten uns tempos moi acelerados. Indica tamén que a probabilidade de que nos den o Erasmus Mundus é moi baixa. Sinala que a sustentabilidade é moi importante, e moitos destes conceptos xa se imparten no máster de camiños. O Colexio de ECCP tamén está empezando a dar formación neste tema.

Intervén o estudante Luis Sotelo, indica que hai moitos estudantes que salen dos graos que non queren entrar no mestrado de Enxeñaría de camiños, canais e portos. Considera importante que a Escola fixese unha enquisa sobre o interese dos estudantes. Considera positivo que se dé unha oferta en mestrados especializantes. Indica que 20 estudantes non son poucos.

Intervén o profesor Quique Peña, di que a reitoría está tendo unha actitude moi negativa. Indica que considera que se debería afrontar con calma a especialización do campus. Ao implantar un novo título temos o risco de que repartamos os estudantes entre as titulacións da Escola e considera que implantar un mestrado agora pode ter efectos secundarios imprevistos.

Intervén o profesor Fernando Martínez, indica que ten dúbidas sobre a calidade das institucións compañeiras de viaxe. Os contidos que imparten Magdeburgo e Le Havre son sobre eficiencia enerxética e enerxía. Indica que un título conxunto ten que ter unha coherencia conxunta entre as partes e que non poden ser compartimentos estancos. Debería poñerse un veto sobre cuestións xa comentadas, en primeiro lugar a denominación do título non debería incluír Enxeñaría Civil. Neste momento dicir que non, fai que perdamos o título e que se implante noutro centro. Propón que o xestione o CITEEC e non a Escola no caso de que sexa posible. De todas as maneiras, se se decide presentar unha proposta, debería ser condicionada á concesión do Erasmus Mundus, se

non se concede non se impartiría o título. Se se decide apostar por este título hai que presentar uns contidos e unha denominación para o título.

Intervén o profesor Francisco Padilla, indica que esta proposta está verde. Indica que dicir un si condicional é unha boa estratexia. Falta moito por facer e poderíamos traballar en definilo. Esta escola debería enfocarse este título a Enxeñaría Ambiental. Propón un mestrado en Sustainable Engineering e que este enfocados na enxeñaría ambiental.

Intervén o profesor Javier Samper, no campus de sustentabilidade, falouse de varios títulos de sustentabilidade na UDC. Non hai este risco, vanse implantar varios títulos. Plantea que este título se debería estudar na nova comisión. O CITEEC é un centro de investigación e non docente polo que non debería acoller ningún título.

O profesor Luis Pena indica que a reitoría vai a solo implantar o título se se concede o Erasmus Mundus, na denominación do título non pode poñer Civil Engineering. Destaca que sería a Escola quen preparara o documento. Considera que dicir que non é perder unha oportunidade, e dicir que sí, e manter o control.

Intervén a profesora Belén González, indica que vincular a implantación á concesión do Erasmus Mundus sería o mellor, preocupalle que o non provoque que a reitoría implante este título noutro centro. Un si condicionado considera que sería positivo.

Tras un debate sobre a votación, decídese votar o punto da orde do día escollendo entre si e non á participación da Escola neste mestrado.

O resultado da votación:

Si 10
Non 27
Branco 7

A Xunta de Escola rexeita por maioría a participación da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos na titulación de master en sustentabilidade.

A sesión da Xunta de Escola finaliza ás 12:20 horas do venres día 2 de febreiro de 2018.

Vº. Bº.
Ignasi Colominas Ezponda
Director

Diego Carro López
Secretario Académico